

# ELLEN JOHNSON-SIRLEAF

Ellen Johnson-Sirleaf nace en 1938 en Monrovia (Liberia). Estuda Economía e Contabilidade no colexio de Monrovia e máis tarde viaxa a América para continuar os seus estudos en Colorado. Entre 1969 e 1971 estuda Administración Pública na Universidade de Harvard e, ao rematar, volve ao seu país.

Entre 1972 e 1973, co goberno de William Tolbert, foi Secretaria de Finanzas do Estado, converténdose en titular de dito ministerio en 1979. Mais un ano despois, o golpe de estado liderado por Samuel Doe dissolveu o goberno de Liberia e sumiu o país nun caos. Tolbert foi executado e Ellen Johnson foi encarcerada. Cando foi posta en liberdade, fuxiu aos EEUU, país onde foi contratada polo Banco Mundial.

En 1984 volve a África e instálase en Kenia. Cando se lle permitiu volver ao seu país, participa na formación dun novo partido político para derrotar a Samuel Doe.

Nas eleccións nacionais de 1985, Ellen fixo campaña para obter un escano no Senado, criticando abertamente o goberno militar. Daquela, arrestárona e sentenciárona a 10 anos de cárcere. Nove meses despois foi liberada e permitiúselle saír do país, camiñando de novo cara ao exilio.

Marchou a Washington, onde traballou como vicepresidenta do Banco de Ecuador, e logo como Directora da Oficina Rexional para África do Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento.

En 1997 regresa a Liberia. Ese mesmo ano celébranse no país eleccións xerais ás que Ellen Johnson concorre ao fronte dun novo partido, o Partido da Unidade. Charles Taylor foi o gañador daquelas eleccións, e Johnson-Sirleaf exerceu como xefa da oposición. O despotismo e a nefasta xestión política de Taylor conduciron a Liberia ao caos absoluto. Oito anos despois, o Pacto de Accra estableceu a creación dun goberno de transición ata a celebración das novas eleccións xerais. Como candidata do Partido da Unidade, Johnson-Sirleaf gañou as eleccións e o 16 de xaneiro de 2006 converteuse na primeira presidenta elixida democraticamente en Liberia e en todo o continente africano.

O 7 de outubro de 2011, catro días antes da celebración das eleccións nas que aspiraba a revalidar o seu mandato, Ellen Johnson Sirleaf recibiu a nova da concesión do Premio Nobel da Paz pola súa contribución a preservar a paz en Liberia, a promoción do desenvolvemento económico e o fortalecemento das mulleres.

Na actualidade colabora como asesora da organización *The Elders* fundada por Nelson Mandela para aproveitar a experiencia de líderes mundiais. A expresidenta de Liberia é codirectora do panel independente que audita o traballo da Organización Mundial da Saúde durante a pandemia da Covid-19.

Alejandro Fernández Martínez

1º Bacharelato C